


# SuÃza: inmigrantes Go Home

## Description



**Semella evidente a influencia desta consulta nos desnortados veciños europeos, ós que se lles suxire un camiño á hora de tratar o problema da inmigración.** (Foto: Cartaces do referendo suízo).

Sorprenden as reaccións de abraio e de sorpresa diante dos resultados acadados no referendo que se celebrou en Suíza respecto do tema da inmigración, e no que se aprobaron unha nova lei de asilo e unha lei federal sobre os estranxeiros cun apoio do electorado a carón do 70%. É dicir, houbo un respaldo masivo por parte da sociedade suíza ás medidas restrictivas neste aspecto.

Non obstante, semella evidente e inoportuna a influencia desta consulta nos desnortados veciños europeos, ós que se lles suxire un camiño á hora de tratar este serio problema.

Para os suízos, as novas medidas adoptadas non son máis que continuación dunha tendencia de endurecemento das regras que viron a luz nos anos 80, logo dunha longa fase de expansión e forte crecemento de trinta anos, que algún día podía ter fin. Pero para o resto de socios comunitarios, pode ser un exemplo práctico a seguir.

Esta é a novena ocasión, dende 1984, na que a lei de asilo é emendada e cinco das propostas tendentes a endurecelas regulacións foron aprobadas en votacións nacionais. O certo é que se foron tomando sucesivamente novas medidas regulatorias ó longo destes anos, que reorientaron e peneiraron a inmigración recibida e da que fomos puntualmente informados pero non tiveron esa preponderancia mediática de agora, agudizada neste caso pola masiva presenza de inmigrantes nas costas españolas e mediterráneas, que fai que o resto de europeos da comunidade dos 25 intente poñerse de acordo para atallar un problema común.

O máis impactante das medidas propostas ó pobo suízo, son as accións represoras ós colaboradores coa inmigración e as dificultades que se lle están a poñer ós exiliados xusto cando o seu número está a decrecer dende fai 20 anos. A negativa de recoñecerlle documentación alternativa ós pasaportes ou a intransixencia das 48 horas para presentar os papeis, e as penalizacións e fortes sancións para aqueles colaboracionistas da inmigración, é un claro exemplo de que pretenden enviar unha mensaxe e endurecerlles a existencia ós necesitados do mundo que chegan ás súas fronteiras.

Afondando nas causas, tal vez debamos dirixilas nosas miradas á sensación dun incremento da radicalización islámica, o sentimento de inseguridade económica debido á necesidade de emprender reformas cando se presinte un repunte do paro nun país que ate o de agora foi un privilexiado neste tema, e á percepción de que é máis interesante a inmigración europea que calquera outra.

Non obstante non debemos esquecer que aínda que a inmigración sexa intraeuropea, existen suficientes mecanismos de selección dentro da sociedade suíza peneirando tamén dentro dos inmigrantes europeos, o que supón un segundo filtro

dos profesionais altamente cualificados. Unha tendencia que parece en voga en calquera país que se diga Ã¢Â€ÂœavanzadoÃ¢Â€Â• no mundo.

Quérese por tanto, identificar por un lado ós demandantes de asilo e ós inmigrantes chegados ó país por razóns económicas. É por un lado, é complexo denegar o auxilio no caso de cumprir tódolos esixentes requisitos e ter tódolos papeis en regra tras unha longa historia suíza de amparo, non nembargantes a inmigración masiva por razón económicas vese como unha ameza para a integridade da sociedade suíza en caso de non ser ben correspondida por unha boa oferta de traballo, e mesmo haberá quen pense que os inmigrantes rouban o traballo.

Os argumentos de que os inmigrantes exercen forte presión sobre o sistema de seguridade social, e de que por tanto, son necesarios os oportunos axustes e recortes de beneficios e coberturas, non teñen en conta para nada o contexto internacional. Nin os inmigrantes van a Suíza a facer turismo e tirar proveito dun suposto estado do benestar que lles debe prestar acollida, nin as multinacionais suízas van polo mundo para exercela caridade. Nestle e Novartis poden implantarse, experimentar, e obter cuantiosos beneficios en África, Asia ou América, pero os senegaleses téñeno cru se rompen unha perna en Xenebra. Éche a lei do máis forte.

*Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012*

**APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS**

Europa ARQUIVO

**IDIOMA**

Galego

**Date Created**
Outubro 2, 2006

**Meta Fields**

| | |
|---|---|
| **Autoria :** | 3746 |
| **Datapublicacion :** | 2006-10-02 00:00:00 |